

6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 5: Comentar ditos e refráns

1. Ponlles o acento gráfico ás palabras que o precisen e explica por que.

ético-cívico: as palabras con guión conservan os seus acentos

Videocámara: segue as regras xerais de acentuación

Audiómetro: segue as regras xerais de acentuación

Marítimo-pesqueiro: as palabras con guión conservan os seus acentos

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Aplica perfectamente as regras de acentuación das palabras compostas | Aplica con bastante éxito as regras de acentuación das palabras compostas | Aplica, de cando en vez, as regras de acentuación das palabras compostas | Non aplica as regras de acentuación das palabras compostas |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de acentuación das palabras compostas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 2

Enunciado: Completa as oracións coa forma verbal indicada.

- A túa nai **dixo** que **chamases** ao chegar á casa.
- **Recollede** a roupa que **está chovendo**.

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sempre conxuga e identifica os distintos tempos verbais | Conxuga e identifica bastante ben os distintos tempos verbais | Precisa axuda para conxugar e identificar os distintos tempos verbais | Non sabe conxugar nin identificar os distintos tempos verbais |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Conxuga e identifica os distintos tempos verbais.

Competencias clave

Competencia ne comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Subliña as formas verbais en infinitivo conxugado e di o que indican.

• Para facerdes este doce necesitas un bote de marmelo.

2.^a persoa do plural.

• Saíron correndo á rúa ao escoitaren o estrondo.

3.^a persoa do plural.

• Tomarei un baño ao chegarmos á casa.

1.^a persoa do plural.

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sempre identifica as formas verbais en infinitivo conxugado e identifica a información que nos achegan | A maioría das veces identifica as formas verbais en infinitivo conxugado e identifica a información que nos achegan | De cando en vez, identifica as formas verbais en infinitivo conxugado e identifica a información que nos achegan | Non identifica as formas verbais en infinitivo conxugado nin identifica a información que nos achegan |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Obtén información dun texto.

Conxuga o infinitivo conxugado e emprégao de forma correcta.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 4

Enunciado: Define.

Palabras parónimas: **son as palabras que teñen similitude pola etimoloxía, son ou forma, pero non se relacionan polo seu significado.**

Palabras heterónimas: **son aquelas que, aínda que están relacionadas polo seu significado, teñen unha orixe distinta e forma distinta.**

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Expón con perfección contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas. | Expón con bastante perfección contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas. | Expón de xeito básico contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas. | Non é quen de expoñer contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia palabras parónimas e heterónimas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Subliña as palabras compostas e colócalle o acento gráfico ás que o precisen.

- O técnico-administrativo do concello consulta o dicionario galego-alemán.
- O portalámpadas produciu un curtocircuíto no salón-comedor.
- Estamos estudando as leis da termodinámica no curso de aeromodelismo.

| Rúbrica | | | |
|---|--|---|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sempre identifica a información solicitada nun texto, valora a súa corrección ortográfica e o escribe de xeito correcto | Case sempre identifica a información solicitada nun texto, valora a súa corrección ortográfica e o escribe de xeito correcto | Algunhas veces identifica a información solicitada nun texto, valora a súa corrección ortográfica e o escribe de xeito correcto | Non identifica a información solicitada nun texto, non valora a súa corrección ortográfica nin o escribe de xeito correcto |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Obtén información dun texto.

Coñece e aplica as regras de acentuación das palabras compostas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática

Actividade 6

Enunciado: Escribe un texto no que se inclúa unha personificación.

Resposta libre.

| Rúbrica | | | |
|--|---|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Escribe con perfección textos coherentes cumprindo unhas características dadas | Escribe con bastante perfección textos coherentes cumprindo unhas características dadas | Escribe con dificultade textos coherentes cumprindo unhas características dadas | Non escribe textos coherentes que cumbran unhas características dadas |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de figura ou recurso literario.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 7

Enunciado: Indica o recurso que aparece en cada estrofa.

Dáme o doce desespero
de non saber se me quere
morréndome do que a quero!
Ramón CABANILLAS

Paseniño, paseniño
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño
Rosalía DE CASTRO

Hipérbole

Repetición

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Diferencia perfectamente personificacións, repeticións e hipérboles | Diferencia, a maioría das veces, personificacións, repeticións e hipérboles | Precisa axuda para diferenciar personificacións, repeticións e hipérboles | Non sabe diferenciar personificacións, repeticións nin hipérboles |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Identifica personificacións, repeticións e hipérboles.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 8

Enunciado: Explica o que quere dicir o refrán: «*Maio ventoso, para o labrego fermoso e para o mariñeiro penoso*».

Cando en maio vai vento e bo para o agro e non para o mar

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sabe extraer e analizar perfectamente as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns | Sabe extraer e analizar con bastante corrección as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns | Sabe extraer e analizar, con dificultade, as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns | Non sabe extraer nin analizar as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Extrae e analiza as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 9

Enunciado: Subliña as oracións que poderían formar parte dunha autobiografía.

- Fun a primeira neta e a primeira sobriña da familia.
- Aos doce anos trasladouse coa súa familia a Betanzos.
- Sempre mostrou grande interese pola investigación.
- O que máis lembro da miña infancia son os verán na praia.

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sabe diferenciar perfectamente as características da autobiografía | Sabe diferenciar a maioría das características da autobiografía | Precisa axuda para diferenciar as características da autobiografía | Non sabe diferenciar as características da autobiografía |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de autobiografía e redacta textos que poidan formar parte dunha.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 10

Enunciado: Completa.

- Unha autobiografía é un relato sobre a **vida** dunha persoa contada por **ela mesma**. Este tipo de escritos está relatado en **primeira** persoa.

| Rúbrica | | | |
|---|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Completa correctamente textos con contidos referentes á autobiografía | Completa con un erro textos con contidos referentes á autobiografía | Completa con dous erros textos con contidos referentes á autobiografía | Completa con tres erros textos con contidos referentes á autobiografía |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de autobiografía e redacta textos que poidan formar parte dunha.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 11

Enunciado: Localiza as palabras compostas do texto e indica por que levan ou non acento gráfico.

Ao chegarmos ao xardín observamos que estaba cheo de follas, algunhas **movíanse** desaforadamente co vento, e outras saían despedidas **voando** nun remuíño tolo, ata caeren sobre o lousado da beirarrúa para, pouco despois, emprenderen unha nova carreira. Semellaban pequenos papaventos movidos por fíos invisibles. **Fora** unha noite de temporal e agora, xa de mañá, o vento continuaba. O meu tío **tivo** que axudar a un home que corría detrás do seu sombreiro, traveso e rebuldeiro; mentres, a súa muller, comentaba de xeito cómico festivo: «Cando **chove**, chove: cando neva, neva; mais, cando vai vento, ese si que é mal tempo».

Papaventos, non leva acento gráfico porque segue as regras xerais de acentuación. Cómico-festivo, leva acento gráfico porque ao estar separada por guión mantén ese acento.

| Rúbrica | | | |
|--|--|---|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Le correctamente un texto e localiza e analiza a información que este nos achega | Le correctamente un texto e localiza e analiza con bastante exactitude a información que este nos achega | Le un texto con dificultade un texto e necesita axuda para localizar e analizar a información que este nos achega | Non le correctamente un texto nin localiza e analiza a información que este nos achega |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.
Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 12

Enunciado: Coloca o acento gráfico nas palabras que o precisen.

- Detectouse un problema científico-técnico no lanzamísiles do portaavións.
- Os radioíntes seguiron con interese a programación lúdico-festiva de onte.

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sabe aplicar con corrección as regras de acentuación das palabras compostas | Sabe aplicar con bastante exactitude as regras de acentuación das palabras compostas | Precisa axuda para aplicar as regras de acentuación das palabras compostas | Non sabe aplicar as regras de acentuación das palabras compostas |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de acentuación das palabras compostas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencia básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia para aprender a aprender

Actividade 13

Enunciado: Localiza no texto os infinitivos conxugados e di o que indican.

Caeren e emprenderen, indican 3.^a persoa de plural. Chegarmos indica 1.^a persoa do plural.

| Rúbrica | | | |
|---|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sempre identifica as formas verbais en infinitivo conxugado e a información que achegan | Identifica a maioría das formas verbais en infinitivo conxugado e a información que achegan | Precisa axuda para identificar as formas verbais en infinitivo conxugado e a información que achegan | Non identifica as formas verbais en infinitivo conxugado nin a información que achegan |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Obtén información dun texto.

Conxuga o infinitivo conxugado e emprégao de forma correcta.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 14

Enunciado: Substitúe as expresións subliñadas por infinitivos conxugados.

- Chamouvos para que vaiades con el? **irdes**
- É mellor que chamemos antes de ir. **chamarmos**
- Para que remates iso precisas axuda. **rematardes**

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|--|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sabe conxugar con corrección o infinitivo conxugado. | Sabe conxugar con bastante corrección o infinitivo conxugado. | Precisa axuda para conxugar con corrección o infinitivo conxugado. | Non sabe conxugar con corrección o infinitivo conxugado. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Conxuga o infinitivo conxugado e emprégao de forma correcta.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 15

Enunciado: Comenta o refrán que aparece no texto

Resposta libre.

| Rúbrica | | | |
|--|--|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Extrae e analiza correctamente as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns | Extrae e analiza con bastante corrección as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns | Cústalle extraer e analizar as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns | Non é quen de extraer e analizar as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Extrae e analiza as ensinanzas que transmiten os ditos e refráns.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

Actividade 16

Enunciado: Analiza as formas verbais destacadas do texto.

Movían (3.^a persoa singular do copretérito ind. de mover); **Tivo** (3.^a persoa de singular do pretérito de ind. de ter); **Voando** (xerundio de voar); **Fora** (3.^a persoa de singular do antepretérito de ind. de ser); **Chove** (3.^a persoa de singular do presente de ind. de chover).

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Sempre conxuga e identifica os distintos tempos verbais | Sabe conxugar e identificar os distintos tempos verbais | Precisa axuda para conxugar e identificar os distintos tempos verbais | Non sabe conxugar nin identificar os distintos tempos verbais |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Conxuga e identifica os distintos tempos verbais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 17

Enunciado: Busca no texto unha parella de cada tipo de palabras e escribe tres máis coas que completar a táboa.

| Heterónimas | Parónimas |
|----------------|-----------|
| Home-muller | Fíos-tío |
| Resposta libre | |

| Rúbrica | | | |
|---|---|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Diferencia correctamente palabras heterónimas e parónimas | Diferencia, con bastante corrección, palabras heterónimas e parónimas | Diferencia, con dificultade, palabras heterónimas e parónimas | Non diferencia palabras heterónimas e parónimas |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia palabras heterónimas e parónimas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 18

Enunciado: Escribe as diferenzas entre palabras parónimas e heterónimas.

Unhas, as heterónimas, teñen relación no significado e outras, as parónimas, teñen similitude por etimoloxía, son ou forma.

| Rúbrica | | | |
|--|---|---|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Expón con perfección contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas | Expón con bastante perfección contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas | Expón de xeito básico contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas | Non é quen de expor contidos relacionados coas palabras parónimas e heterónimas |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia palabras heterónimas e parónimas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 19

Enunciado: Copia as figuras literarias que aparecen no texto e indica cales son.

Semellaban pequenos papaventos movidos por fíos invisibles. **Metáfora.**
seu sombreiro, traveso e rebuldeiro. **Personificación.**

| Rúbrica | | | |
|--|---|--|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Coñece á perfección o concepto de figura literaria e as identifica nos textos. | Coñece con bastante exactitude o concepto de figura literaria e as identifica, case sempre, nos textos. | Cústalle explicar o concepto de figura literaria e identificalas nos textos. | Non coñece o concepto de figura literaria nin as identifica nos textos. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de figura ou recurso literario.
Identifica personificacións, repeticións e hipérboles.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender
Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 10

Enunciado: Podería ser o texto inicial unha autobiografía? Por que?

Si porque está escrito en primeira persoa e narra feitos que lle aconteceron.

| Rúbrica | | | |
|---|--|--|---|
| Excelente | Satisfactorio | Elemental | Inadecuado |
| Coñece con total precisión as características da autobiografía. | Coñece con bastante precisión as características da autobiografía. | Cústalle explicar as características da autobiografía. | Non coñece as características da autobiografía. |

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de autobiografía e redacta textos que poidan formar parte dunha.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia co sentido de iniciativa e espírito emprendedor